

# DEAD SLOW AHEAD

[Mauro Herce, 2015]

# 184

ESTREA EN NUMAX: 30.12.2016 | V.O.S.E. | +7

## FICHA TÉCNICA

*Dead Slow Ahead* (2015, 70')

**Dirección:** Mauro Herce

**Guión:** Mauro Herce, Manuel Muñoz

**Montaxe:** Manuel Muñoz

**Son:** Daniel Fernández, Alejandro Castillo, Manuel Muñoz R., Carlos E. García, José M. Berenguer

**Música:** Fons Merkies

**Fotografía:** Mauro Herce

**Produtora:** Nanouk Films (España)

**Distribuidora:** Cine Binario

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Tagalo

## FILMOGRAFÍA

**Como director**

*Slimane* (2013) [Codirector]

**Como director de fotografía**

*Mimosas* (2016)

*O quinto evanxeo*

*de Gaspar Hauser* (2013)

*Arraianos* (2012)

## FESTIVALS

Ann Arbor 2016 (premio Tios), DocLisboa 2015 (premio FCSH e Universidades), Jeonju 2016 (mención especial), Jihlava 2015 (mellor documental), Las Palmas 2016 (premio Richard Leacock), Locarno 2015 (premio especial do xurado da sección Cineastas do Presente), Sevilla 2015 (mención especial)

## SINOPSE

Retrato do cargueiro Fair Lady, de tripulación na súa maioría filipina. O barco, entre as conversas alienadas con terra firme, convértese nun escenario fantasmal no que Alien podería asomar en calquera recanto. Unha voltaxe sensorial que carga as tintas do suspense con visión apocalíptica deste anaco de humanidade á deriva por augas internacionais.

«O que debera ser un documental sobre un buque cargueiro convértese, grazas a un enorme traballo co son e unhas formas visuais dantescas xurdidas da nada, nun verdadeiro relato de pantasma.»

Quim Casas. EL PERIÓDICO



# DEAD SLOW AHEAD

[Mauro Herce, 2015]

## “No momento en que expresas algo de forma unívoca, cesas o movemento”

Entrevista a Mauro Herce  
Por Manu Yáñez

**Como entraches en contacto co universo dos buques de carga que retratas en *Dead Slow Ahead*?** Na orixe está un pequeno soño de infancia. Vivín practicamente toda a miña vida preto do mar, nacín en Barcelona, onde pasei toda a miña infancia e mocidade, e moitos veráns pasábaos nunha vila costeira preto de Alacante. Sempre me chamaban a atención eses barcos que veñen de lonxe, sobre a liña do horizonte, que pasan días e días parados. Proxectaba sobre aqueles buques unha infinidade de historias. Despois descubrí que eses barcos se ocupan do transporte do 95% das mercadorías do planeta e que, en gran medida, garanten o estilo de vida do que gozamos no primeiro mundo. Con todo, non son máis que pantasma ou sombras para nós. Máis adiante, as circunstancias leváronme até Chile (...). Fíxenme amigo duns mariñeiros que estaban varados por un problema económico da súa compañía. Deixáronme subir ao seu barco e descubrín unhas condicións idóneas para facer o tipo de filme que me gusta. Pero sucedeu que, despois de dous anos buscando diñeiro e conseguindo os permisos para subir ao barco de mercadorías, dixéronme que só podía acompañarme outra persoa. Así que tiveren que sacrificar a idea de levar un actor para poder subir cun técnico de son.

**O filme remata transcorrendo nunha especie de non-tempo.** Interesábame a idea paradoxal de facer un documental de ciencia ficción. Curiosamente, os mariñeiros ven unha chea de filmes moi malos durante as súas viaxes. Pásanlles unha caixa chea de DVDs de filmes de serie B e ínchanse a velos. Algúns eran do espacio. Mirábaos con eles e pensaba que a fantasía era moi parecida á súa realidade. Xa cando estiveren no barco en Chile, pensei que aquilo parecía unha nave espacial, unha nave imponente e sofisticada, pero ao mesmo tempo vella, oxidada, pesada. Algo futurista e ao

mesmo tempo obsoleto. Xa non se trataba de especular sobre como vivirían uns homes confinados nunha nave espacial, senón que era algo real. Estes homes viven nun inferno de óxido, soidade, frialdade. En todo caso, debo aclarar que *Dead Slow Ahead* é un reflexo da miña experiencia persoal daquel lugar.

### Unha das cuestións máis fascinantes é o xogo de proporcións espaciais.

**Como lograches reflectir esa enormidade?** Unha cuestión fundamental foi establecer un xogo de escalas comparativas entre diferentes obxectos que remataban desembocando na figura humana. (...) Logo, o son tamén nos axudou a transmitir a grandiosidade da maquinaria. O son é unha ferramenta moi eficaz para transmitir de forma inmediata cuestións seguramente moi complexas de dicir a través da imaxe.

**A posta en escena parece responder a un principio de estrañamento. Sen apenas planos de situación que permitan ao espectador orientarse, o cargueiro nunca deixa de resultar un escenario descoñecido, hostil.** Ten que ver coa miña maneira de entender o cinema e a arte en xeral. Penso que todo debe xurdir a partir dun misterio esencial que logre captar o interese e a atención do espectador. Poñer en movemento o pensamento do espectador para que este participe de forma activa no filme. Trátase de prolongar o seu interese o maior tempo posíbel. No momento en que expresas algo de forma unívoca, cesas o movemento. Doutra banda, tampouco podes dispersar demasiado os signos e os sentidos porque entón o filme convértese nun xogo estético máis ben banal. Por iso teñen que existir esporadicamente pequenos condutos a terra que dalgún xeito sitúen ao espectador e lle permitan comprender o que está a ver. E é aí onde a emoción cristaliza, nos lugares onde a persoa que filma e o espectador parecen compartir un territorio en común. Por iso creo que o cinema, ou a arte en xeral, debe abrir máis que pechar, facer preguntas máis que tratar de respondelas.

Publicado en <http://europa.otroscines.com>  
Tradución ao galego: Olalla Cociña

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME